



Informe de legalidade sobre o proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

O plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia foi establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro, en desenvolvemento do Real decreto 633/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O dito plan de estudos regula a estrutura das ensinanzas, así como as condicións de acceso, matrícula, organización e avaliación, en consonancia co disposto no Real decreto 1614/2009, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 21/2015, do 23 de xaneiro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores, e prevé o recoñecemento e transferencia de créditos nas ensinanzas superiores de Deseño; e modificado tamén polo Real decreto 628/2022, do 26 de xullo, polo que se modifican varios reais decretos para a aplicación de la Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola



que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ás ensinanzas artísticas e ás ensinanzas deportivas, e a adecuación de determinados aspectos da ordenación xeral de ditas ensinanzas. Así mesmo, o Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da Educación superior, establece o réxime de recoñecemento entre as diferentes ensinanzas que constitúen a educación superior.

Por outra banda, o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, establece o Regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvido pola Orde do 8 de agosto de 2011.

A Orde do 21 de novembro de 2016 regula a ordenación das ensinanzas superiores de Deseño, en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na comunidade Autónoma de Galicia.

2. Necesidade e oportunidade

O Decreto 41/2023, do 20 de abril, modifica o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, establecendo dous itinerarios académicos no plan de estudos correspondente á especialidade de Produto dos estudos superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, procede modificar os anexos á Orde do 21 de novembro de 2016, regular a incorporación do alumnado procedente de plans de estudos anteriores e/ou diferentes ao novo plan de estudos superiores de Deseño, para a especialidade Produto, desenvolver o xa citado Decreto 41/2023, do 20 de abril, e establecer o calendario de aplicación do mesmo, de conformidade co exposto, ao abeiro do establecido no artigo 2 do citado Decreto 41/2023, do 20 de abril, e na súa disposición derradeira primeira. Tendo en conta que determinados estudos universitarios de grao ofrecen xa formación dual, preténdese habilitar tamén que os centros educativos que imparten ensinanzas artísticas superiores de deseño poidan impartir con carácter dual disciplinas das distintas especialidades das ensinanzas artísticas superiores de deseño que pola súa especificidade sexan susceptibles de ser impartidas entre os centros educativos e empresas, estudos ou obradoiros dos sectores correspondentes.

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de orde foi elaborado como anteproxecto pola Dirección Xeral de Formación Profesional. A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de 29 de maio de 2023, de inicio do procedemento de elaboración da norma.



- Texto do anteproxecto.
- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico de data 5 de xuño de 2023.

De acordo co artigo 41.2 da citada lei, prescindíuse do trámite de consulta pública previa ao tratarse dunha proposta normativa que regula aspectos parciais dunha materia, en concreto, das ensinanzas artísticas superiores de Deseño, de acordo co disposto no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de orde polo conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o 6 de xuño de 2023, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

De conformidade co artigo 41.5 da mesma norma, consta certificado emitido o 1 de marzo de 2023 pola directora da Área de Administración dixital na Amtega, no que se dá conta de que no período comprendido entre o 08/06/2023 e o 21/06/2023 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno) se expuxo publicamente no portal de Transparencia e Goberno Aberto o texto íntegro do proxecto de orde, non recibíndose ningunha achega/ suxestión.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral da Igualdade e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que se emitiron o 20 de xuño de 2023 e o 20 de xullo de 2023, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 42.1 da Lei 16/2010, remitiuse ás demais consellerías da Xunta de Galicia o proxecto de orde para os efectos da emisión do informe que puidera esixir a lexislación vixente. Non se recibiron observacións.

Inclúese no expediente certificado emitido polo secretario do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores asinado o 10 de xullo de 2023, no que se fai constar que emitíuse ditame favorable sobre o proxecto de orde na sesión celebrada o día 10 de xullo de 2023.

A Asesoría Xurídica Xeral emitiu o seu informe favorable o 22 de agosto de 2023.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, **informo favorablemente** o proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do





29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela

Manuel Vila López
Secretario xeral técnico

